

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**VIGO**

**Persoal, oposicións**

*ADXUDICACIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE LETRADO/A ASESOR/A XURÍDICO/A MEDIANTE O SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 1714/110.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 8 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Adxudicar a D<sup>a</sup> E. Ares Salgado con DNI **\*\*15663\*\*** o posto de Letrada Asesora Xurídica, adscrito a Asesoría xurídica, con referencia de posto na RPT: 1110105.

SEGUNDO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SGF

Vigo na data da sinatura dixital

A concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022).- Patricia Rodríguez Calviño

